



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E A ENTIDADE ASOCIACIÓN CARBALLIÑO-CENTRO COMERCIAL ABERTO (CCA) PARA ESTABLECER AS CONDICIÓN E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2022

O Carballiño, na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte **don Francisco José Fumega Piñeiro**, alcalde-presidente do Concello do Carballiño (Ourense) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación do mesmo.

E doutra, **don Julián Garriga Crespo**, en representación da entidade **ASOCIACIÓN CARBALLIÑO-CENTRO COMERCIAL ABERTO (CCA)** con CIF G32406746 actuando en nome e representación da mesma.

MANIFESTAN

I. Que a asociación **CARBALLIÑO-CENTRO COMERCIAL ABERTO (CCA)** ten como principal obxectivo a difusión e promoción do comercio local; na sociedade actual, as novas tecnoloxías e a compra *online* son esenciais para a venda de distintos produtos e oferta de servizos mediante o comercio electrónico. Ante isto, no ano 2020, o CCA puxo en marcha un Marketplace que continúa actualmente e xa se volveu imprescindible para as compras *online* e que precisa un **mantemento e actualización anual** para continuar.

II. Que o concello considera que o labor que realiza a asociación constitúe unha actividade de interese xeral que cumpre unha función social, de promoción turística, cultural e de activación económica, en continua colaboración coas actividades municipais.

III. É de interese público, o cal supón unha promoción do turismo e da economía local, a través da organización de diferentes actividades de dinamización do comercio local.

IV. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local, recoñecendo como competencias propias dos concellos as de promoción do turismo, e da economía local.

V. As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexa a propia cidadanía da comunidade local, de xeito individual ou asociado, a que libremente colabore co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.

VI. Que nas Bases de execución do orzamento para o **exercicio 2022** consta a seguinte subvención nominativa:





Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Importe
431.40.480.00	Asociación Carballiño-CCA	20 000 €

VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de **FORMA DIRECTA** as Subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos xerais do estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

VIII. Que o RD. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido do mesmo.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, o cal se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

1. OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar, en parte, os gastos derivados do mantemento do **"marketplace"** que inclúe: *mantemento da plataforma, soporte, axuda e formación, axuda no deseño das imaxes que se amosan no marketplace, atención de suxestións dos usuarios e usuarias, atención telefónica ao cliente, supervisar as imaxes e descrições dos produtos, actualización de páxina de inicio con novos produtos, actualización de novos produtos cada campaña ou tempada, pagamento dos custos de transporte dos comercios...* e pagamento da plataforma tecnolóxica VELFIX

2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía da subvención ascende a **vinte mil euros (20 000,00 euros)**, que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é un crédito do capítulo 4 "Transferencias correntes" do programa 431.40, polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.

Dita contía da subvención outorgada impútase ao exercicio económico de 2022.

A contía da subvención consistirá nunha porcentaxe do orzamento do proxecto presentado, e pode acadar, como máximo, o 90% do custo total do proxecto, sen superar os 20 000 euros de crédito orzamentario

3. PERÍODO SUBVENCIONABLE.

Este acordo contempla a execución da actividade durante o período comprendido dende o **1 de xaneiro de 2022 e ata o 15 de decembro de 2022.**

4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES.

As subvencións serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou





en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

5. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE/ASOCIACIÓN BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:

- A. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- B. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.
- C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- D. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- E. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.
O concello comprobará de oficio que a asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.
- F. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- H. Manter coordinación permanente coa Área de Comercio do Concello do Carballiño.
- I. Se sé realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño, A non xustificación da publicidade suporá unha minoración da subvención do 5% da axuda concedida.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- a) Realizar as actividades que fundamentan o presente convenio.
- b) Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimentos dos fins citados.
- c) Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

6. GASTOS SUBVENCIONABLES.

a) Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, sen dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido no presente convenio.





Á vista do proxecto presentado polo beneficiario, o importe do gasto subvencionable ascende a **22.000,00 €**. Dado que o importe da subvención outorgada non poderá superar o **90%** do importe da actividade, segundo as Bases de Execución do Orzamento do Concello do Carballiño para 2022, sen superar os 20.000,00 € da partida orzamentaria, a subvención máxima será de **19.800,00 €**. Se os gastos subvencionados xustificados correctamente son inferiores aos do proxecto presentado minorarase a achega municipal na proporción fixada neste parágrafo.

b) O tipo de gasto subvencionable: gastos correntes con duración inferior a un ano derivados da actividade relacionada co obxecto detallado na cláusula 1ª, máis concretamente:

- a) *mantemento do Marketplace que inclúe: mantemento da plataforma, soporte, axuda e formación, axuda no deseño das imaxes que se amosan no marketplace, atención de suxestións dos usuarios e usuarias, atención telefónica ao cliente, supervisar as imaxes e descrições dos produtos, actualización de páxina de inicio con novos produtos, actualización de novos produtos cada campaña ou tempada, pagamento dos custos de transporte dos comercios...*
- b) *pagamento da plataforma tecnolóxica VELFIX (pago por uso)*

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

c) Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dende o **1 de xaneiro de 2022 ata o 15 de decembro de 2022**.

d) Cando o importe do gastos subvencionable supere as contías establecidas na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (15.000 € sen IVE nos contratos de subministro e servizos) o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se houbese realizado con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentada, que deberá aportarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia económica, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

7. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- a) Instancia subscrita polo presidente da asociación na que solicite o pago da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude.
- b) presentación da conta xustificativa, que comprenderá:
 - memoria detallada que inclúa declaración do proxecto, financiado coa subvención e o seu custo, así como os resultados do mesmo.
 - De ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada que acredite a participación do Concello do Carballiño.
 - Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo do proxecto subvencionado, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe e data de emisión e data de pagamento.





- Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (TCS, cartas de pago, etc.).

- o pago a terceiros poderase acreditar mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.). **Non se admitirán pagos en metálico.**

Excepcionalmente, en caso de que a entidade non dispoña de recursos económicos suficientes para realizar os pagos antes da xustificación, e previa declaración responsable para tal efecto, non será preciso acreditar o pagamento na presentación da conta xustificativa, concedéndolle un prazo a partir da recepción dos fondos para acreditar o pago das facturas.

Non obstante, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención municipal poderá realizar procedementos de control, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario.

- Declaración xurada da entidade beneficiaria que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda Estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social. O concello comprobará de oficio que a asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.

- Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

Os gastos xustificados teñen que ser iguais ou superiores ao importe do custo total do proxecto. A subvención representa o **90 %** do orzamento total da actividade.

A subvención non financia ningún tipo de gasto de inversión.

O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o **día 15 decembro de 2022.**

8. FORMA DE PAGO.

A entidade beneficiaria poderá solicitar un anticipo, como máximo, do 50% do importe total da subvención que será efectivo unha vez aprobado, asinado e publicado o convenio na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Na solicitude debe constar o número de conta onde se realizará o ingreso e acreditar que a asociación está ao corrente das obrigas tributaria e coa seguridade social. O 50% restante, ou a totalidade da subvención, no caso de non solicitar anticipo, farase efectivo unha realizada e aprobada a presentación da correspondente conta xustificativa segundo o establecido na cláusula 7 do convenio.

9. DIFUSIÓN.

As partes comprométese a destacar a colaboración, obxecto do presente convenio, incluíndo os seus logotipos, en cantos medios se utilicen para a súa promoción e difusión (comunicacións, páxinas web, facebook, etc...) así como nas actividades e na documentación





que se xere como consecuencia do desenvolvemento desta, respectando, en todo caso, o logotipo e directrices de imaxe externa que se indique pola entidades.

10. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no capítulo IX da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño (BOP núm. 49, de 2 de marzo de 2015)

11. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2022.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ao principio indicados.

O alcalde

A presidencia da asociación

<DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE>

